

Resolución de 10 de maio de 2021 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 17 de marzo de 2021, do III Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Con data 17 de marzo de 2021, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria do III concurso de Podcasts-Radio na Biblio (en colaboración coa Radio Galega) destinado aos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que traballan coa radio como ferramenta pedagóxica, integrados ou non no programa Radio na Biblio.

Tratábase de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a salientar a riqueza do patrimonio lingüístico galego, especialmente vinculado ao medio xeográfico, cultural e humano máis próximo ao centro, así como estimular a lectura de poesía e teatro galegos.

Tratábase de estimular mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados á valoración da lingua materna, a reforzar a lectura de poesía galega ou o achegamento ao mundo do libro, da edición e da tradución, do que era coñecedora a autora homenaxeada nas Letras Galegas 2021, Xelas Arias.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado 4 da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado, e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no III concurso de Podcasts-Radio na Biblio, trala selección do xurado na súa reunión do 3 de maio de 2021.

Segundo. Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican nas distintas modalidades.

Terceiro. Asignar as contías que se sinalan no mesmo anexo I aos centros seleccionados, que deberán destinarse a melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio/emisora de radio ou para actividades relacionadas co funcionamento deste laboratorio de radio, sempre vinculado á Biblioteca do centro. Deste esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Cuarto. Conforme ao previsto no apartado 4 da convocatoria, os podcasts premiados serán difundidos pola Radio Galega a través das súas páxinas www.diariocultural.gal; así mesmo, serán difundidos a través dos medios web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (web de Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

O alumnado implicado nos traballos seleccionados poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras o acordo previo con esta entidade, e sempre que a situación sanitaria o permita. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares facilitaráselles o contacto pertinente, no seu caso. Da mesma forma, a Radio Galega poderá realizar entrevistas a algúns dos grupos responsables dos traballos seleccionados.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)
O director Xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo





ANEXO I – TRABALLOS SELECCIONADOS NO III CONCURSO DE PODCASTS-RADIO NA BIBLIO

Modalidade	Definición	Código	Centro	Concello	Provincia	Podcast	Asignación
I	Alumnado de infantil e 1º/2º Primaria	15033101	CEIP P. de Outes	Serra de Outes	A Coruña	<i>No berce da lingua</i>	1.000 €
		36008155	CPI P. Rodeiro	Rodeiro	Pontevedra	<i>As aventuras do avó Manuel</i>	1.000 €
II	Alumnado de 3º a 6º Primaria	15001926	CPI As Revoltas	Cabana de Bergantiños	A Coruña	<i>Entrevista á nena Xela Arias</i>	1.000 €
		36006067	CEIP Mestre Manuel García	Oia	Pontevedra	<i>Na busca do felino</i>	1.000€
III	Alumnado de Secundaria	27002353	CPI de Cervantes	Cervantes	Lugo	<i>Xela é moita Xela</i>	1.000 €
		36018501	IES Monte Carrasco	Cangas do Morrazo	Pontevedra	<i>Poesía que alimenta</i>	1.000 €
IV	Alumnado de BAC, ensinanza de Persoas Adultas ou Ciclos Formativos	15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	<i>Voces para Xela</i>	1.000 €
		36024598	EOI de Vilagarcía	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	<i>Exóticas</i>	1.000 €

